CON
CELLO
COM
PRO
ME
TIDO
COA
IGUAL
DADE

# Sesións formativas para concellos certificados

## PROXECTO DIGECP

**Convocatoria aberta a concellos certificados e asociacións de mulleres.**

Co-funded by the European Union

DIGECP

FOR GENDER

INDA INICIATIVAS

## OBXECTIVO XERAL

## *Feminismos, corresponsabilidade e usos do tempo - Proxecto DIGECP*

Capacitar o persoal político e técnico dos municipios xa certificados e comprometidos a favor da igualdade, outros entes locais e asociacións de mulleres para integrar de maneira transversal a perspectiva de xénero, con especial énfase nos feminismos actuais, a corresponsabilidade e os usos do tempo nas políticas públicas locais.

## DATAS DAS SESIÓNS

**Formación Gratuita**

| | |
|---|---|
| 12 de febreiro | 1. Evolución dos feminismos e retos actuais |
| 12 de marzo | 2. Interseccionalidade, diversidade e novos movementos sociais |
| 14 de maio | 3. Pobreza do tempo, conciliación e corresponsabilidade |
| 11 de xuño | 4.Políticas locais de usos do tempo e boas prácticas |

**O horario de cada sesión é de 9.30h a 11.30h.**

**Cada sesión é independente e á vez, todas están interconectadas.**
**Podédesvos inscribir en unha, varias, ou ben en todas.**

**Regístrate neste formulario.** Inscrición

Co-funded by the European Union

DIGECP FOR GENDER INDA INICIATIVAS

## CONTIDOS

### 1. Evolución dos feminismos e retos actuais

- Introducción histórica e contexto global.
- Feminismos contemporáneos: principais correntes e achegas.
- Marco internacional e europeo: CEDAW, ODS 5, Pekín+30.
- Debate: ¿cómo impactan estes retos no ámbito local?
- Resultados esperados: comprensión do feminismo como marco político e social, identificación de retos actuais e conexión coa realidade municipal

### 2.Interseccionalidade, diversidade e novos movementos sociais

- Interseccionalidade como ferramenta de análise e acción política.
- Novos movementos sociais e a súa relación coa igualdade.
- O papel da diversidade (clase social, etnia, orientación sexual, diversidade funcional).
- Casos prácticos e reflexión colectiva. Resultados esperados: capacidade para aplica o enfoque interseccional no deseño de políticas locais, coñecemento de novas formas de activismo e participación

### 3. Pobreza do tempo, conciliación e corresponsabilidade

- Pobreza do tempo: definición, causas e consecuencias.
- Diferenzas de xénero no uso do tempo e o seu impacto na vida laboral, persoal e política.
- Corresponsabilidade: da teoría á práctica nas políticas públicas.
- Dinámica de traballo: identificar retos locais e propostas de acción.
- Resultados esperados: concienciación sobre a pobreza do tempo e ferramentas para impulsar políticas corresponsables

### 4. Políticas locais de usos do tempo e boas prácticas

- Experiencias inspiradoras de municipios que aplicaron medidas de organización do tempo.
- Pactos do Tempo e reformas horarias como estratexias innovadoras.
- Como aplicar medidas realistas e sustentables no contexto local.
- Debate final: compromisos colectivos e liñas de futuro

Co-funded by the European Union

DIGECP FOR GENDER INDA INICIATIVAS

RELATOR NAS SESIÓNS



## MARTA MACIAS QUESADA

**Presidenta**
**Associació ForGender Seal.**

Liderou proxectos en máis dunha ducia de países de América Latina, África e a India, e deseñou e coordinou campañas de sensibilización como Mótetepor África, Stop Sida, ¿Muller e pobreza, relación perpetua?, Mótetepola igualdade, é de xustiza, Mulleres de lume, Klindimuka ou SAW – States Against Women.

A súa experiencia combina a xestión pública (como directora xeral de Cooperación da Generalitat de Cataluña), o multilateralismo (UNFPA), o terceiro sector (Axuda en Acción) e o ámbito asociativo e de consultoría.

É a creadora da Norma SG CITY 50-50, desenvolvida desde Forgender Seal, a primeira certificación internacional que avalía e acredita o compromiso dos gobernos municipais coa igualdade de xénero. Publicou numerosos artigos sobre dereitos humanos, feminismo e desenvolvemento en medios como A Independent, Diario ARA e Women Evolution, e participou en espazos de debate como o Programa Terrícolas (BTV) ou Para Todos La 2 (TVE). Tamén compareceu no Parlamento de Cataluña para incidir en políticas de igualdade, cooperación e deporte.

É membro activa do Consello Nacional de Mulleres de Cataluña, conselleira do Observatorio Muller, Empresa e Economía da Cámara de Comercio de Barcelona, experta da Comisión de Territorio e Sustentabilidade da Generalitat, membro da xunta da Independent, da Asociación 50a50 e representante en Cataluña da ONG Sólida.

Tamén fundou Coop4equality, un proxecto de innovación social centrado en incorporar o enfoque de xénero e dereitos humanos nas políticas e estruturas de organizacións públicas e privadas.

Co-funded by the European Union

DIGECP FOR GENDER INDA INICIATIVAS